



1.600

RAIMÚNDEZ FERNÁNDEZ, Alejandro Manuel

Países: Reino Unido

Biografía

(Ourense, ?) Catedrático de Xeografía da Escola de Altos Estudos Mercantiles de Barcelona e membro da Xunta Directiva do Ateneo de Madrid. Durante a Guerra Civil foi leal á República e despois exíliase no Reino Unido, onde traballa como publicista e presentador. Tamén foi autor de tres programas radiais da sección galega da BBC de Londres. Na radio encargábase de le-los textos remitidos desde Galicia, co nome falso de Xavier Fernández. Atacou duramente ó rexime franquista co pseudónimo de Juan Fernández, nome do seu avó.

Profesións: Catedrático

Profesións no exilio: Xornalista / Publicista

Obra no exilio: Galicia desde Londres. Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC (1947-1956). Edición de Antonio Raúl de Toro Santos. Prólogo de F. Fernández del Riego e debuxos de Conde Corbal. A Coruña, Editorial Tambre, 1994. (relación dos seus programas radiais).

Ref^a.Bibliográficas: GEG
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000b, II:1000)
TORO SANTOS, Antonio Raúl de (ed.) (1994)

1.601

RAJO LORENZO, Julio

Países: Francia / Campos de Refuxio / Campos de Concentración Nazis

Biografía

(O Carballiño, Ourense, 01/05/1917 - Mauthausen, 01/10/1942) Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Despois refuxiouse en Francia, no campo de Argelès sur Mer, Vernet d'Ariège (barraca 43), así como no de Barcarès. Logo foi trasladado a Mauthausen e posteriormente ó comando Gusen 2 onde morreu.

Organizacións ás que pertenceu:

BATALLÓN DE MILICIAS POPULARES GALLEGAS

Ref^a.Bibliográficas: VÁZQUEZ, Lois (1982:113)
"Los crímenes del nazifascismo", Cultura Proletaria, XVII:901, 11/08/1945, 3.
"Lista de Refugiados: Provincia de Ourense", Galicia, XVII:633, (05/08/1939), 5.
"Nuestros refugiados gallegos", Galicia, XVII:635, (12/08/1939), 1.
ÁLVAREZ, Santiago (1989a:134 e 142)

Comentarios: Descoñécense as condicións de saída deste galego e a súa chegada ós campos de refuxio e concentración. Segundo Eduardo Blanc Amor, nunha información proporcionada no xornal "Galicia" de Bos Aires o seu nome era Julio Rojo Lorenzo e era de Canedo, Ourense, que estivo no campo de concentración N° 16 de Saint Cyprien nos Pirineos Orientais.

1.602

RAJÓ SOMOZA, Julio

Países: Francia / Campos de Refuxio

Biografía

(Canedo, Ourense, ?) Refuxiado en Francia. Estivo nun campo de refuxio francés.

Ref^a.Bibliográficas: "Gallegos en los campos de concentración franceses, que piden ayuda a sus hermanos de América", Galicia, XVII:619, (22/04/1939), 3.